



ROGO PARA COMPLETAR O ANUNCIADO DERRUBO DUNHA VIVENDA EN RUINAS NA RÚA DOS ROLÁNS, NA ZONA DE VOLTA DO CASTRO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das primeiras iniciativas promovidas polo Grupo Popular no presente mandato foi a presentación dun rogo dirixido ao Goberno local no que se solicitaba que “a través dos departamentos de Servizos Sociais e de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, se actúe para resolver os problemas detectados na zona da rúa dos Roláns.”

A solicitude viña motivada polo deterioro da vida cotiá naquela zona de Volta do Castro, orixinada pola ocupación de vivendas baleiras nun espazo pendente dun desenvolvemento urbano programado no seu día. Aludíase daquela á variada problemática que se derivaba dunha situación que poñía en risco, non só a convivencia no conxunto do ámbito, senón mesmo a integridade das persoas que de forma irregular alí habitaban.

Transcorrido máis de un ano, o Goberno local acordou o desaloxo das persoas e a demolición das tres casas contiguas habitualmente ocupadas, onde se concentraban as queixas veciñais, concretamente as situadas nos números 4, 6 e 8 da rúa dos Roláns. Así, en xuño de 2017 iniciáronse as tarefas de demolición de forma subsidiaria por non ter atendido a propiedade as ordes de derrubo acordadas con anterioridade.

A actuación, sen embargo, limitouse unicamente a dúas vivendas, quedando sen executar ata o día de hoxe o derrubo da que fai esquina coa rúa das Arribadas e a Travesía de Conxo de Arriba. No terreo que ocupa esa vivenda mantense acumulada unha gran cantidade de lixo, con restos de electrodomésticos e con abundante maleza que mesmo alcanza a beirarrúa das Arribadas, tal e como vén denunciando desde hai tempo a veciñanza e como se pode apreciar nas imaxes que se acompañan.

En atención á esta situación, o Grupo Municipal Popular formula o seguinte rogo:

Que por parte do Goberno se acometa, coa maior urxencia posible, o anunciado derrube da edificación en estado ruinoso situada na rúa dos Roláns, na confluencia coa rúa das Arribadas e a Travesía de Conxo de Arriba, para completar os traballos acometidos o pasado ano, procedendo á mellora ambiental dese ámbito.

Santiago de Compostela, a 5 de outubro de 2018

María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

